

Organización- I I



Mm
MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

- ¿Como funciona unha Confraría?
- ¿Cales son as vantaxes de formar unha Agrupación?
- ¿Quen pode ser socio dunha Confraría?
- ¿Por que temos que estar organizadas?
- ¿Como elixímo-la Xunta Directiva?

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Innovación e
Desenvolvemento Pesqueiro



Coordinación:

José Antonio García Villanueva
Matilde Alonso Acosta
Antonio Rodríguez Fernández
Beatriz Villar Cedrón

Autores:

Montserrat Castro Vázquez
Belén Escariz Pérez
M^a Visitación Iturralde de la Fuente
Salvador Lago Cordo
M^a Luz Lamas Ferreiro
M^a José Lopez Barral
Félix Lorenzo de Dios
Esperanza Martínez Bouzas
M^a do Carmen Novoa Valiñas
Maximina Pereira Rodríguez
María Rioboo San Luis
M^a Anxeles Santorum Pérez

Supervisión:

Elisa Gago Moldes
Jesús Pérez Alén
Juan Codesido Villar
Concepción Blanco Louro

Debuxos:

Tangaraño

Deseño e maquetación:

Ninfa e Riveiro

Fotomecánica:

Resolución

Impresión:

Litonor

D.L.: C-2667-20002
ISBN: 84-453-3372-0

Agradecimentos: A tódalas persoas que contribuíron cos seus coñecementos e aportacións a realización deste manual .

ORGANIZACIÓN - II

¿Como funciona unha confraría?

¿Quen pode ser socio dunha confraría?

¿Cales son as vantaxes de formar unha agrupación?

¿Por que temos que estar organizadas?

¿Como elixímo-la xunta directiva?

7.- AS CONFRARÍAS

7.1.- A historia das confrarías

As confrarías e os gremios naceron hai centos de anos como mostra de solidariedade entre os seus membros para a defensa de intereses comúns á súa profesión. A principios do século XX apareceron os pósitos de pescadores como entidades modernas de crédito e formación; foron transformados en confrarías no ano 1943 e mantiveron a estrutura mixta de traballadores-empresarios ata os nosos días.

Actualmente colaboran coa Administración, e incluso poden participar na elaboración das leis relativas á ordenación do sector pesqueiro.

En resumo, as confrarías son institucións moi antigas que souberon adaptarse ós cambios sociais sen perde-la súa identidade, evolucionando cara a formas máis xustas e participativas de asociacionismo profesional.



7.2.- ¿Que son as confrarías?

Son organizacións de profesionais do mar que se asocian libremente para defende-los seus intereses.

As confrarías teñen as súas propias normas de funcionamento. Estas normas non poden contradici-las leis, e están recollidas nos estatutos.

As confrarías teñen unha parte pública (colaboración e consulta coa Administración) e unha parte privada (organización e comercialización da produción).

A Administración tutela as confrarías, é dicir, coida de que estas cumpran as normas.



7.3.- Os estatutos

a) ¿Que son?

Os estatutos son as normas de funcionamento da confraría.

Son elaborados, aprobados e modificados polos propios socios.

Para que sexan válidos, teñen que ser ratificados e rexistrados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



b) ¿Que inclúen?

- O domicilio da confraría e o territorio que abrangue.
 - A composición dos órganos rectores e as normas para elixi-los seus membros.
 - A forma en que se levarán as contas e cómo se vai financia-la confraría.
- Os dereitos e deberes dos socios.
- Cáles son os bens da confraría.

7.4.- As funcións das confrarías

Informan e asesoran ós seus socios sobre as leis que lles afectan.

Actúan como oficinas públicas nas que se rexistra e tramita a documentación dirixida á Administración autonómica.

Facilitan a formación dos seus socios.

Son consultadas pola Administración e dan a súa opinión sobre asuntos que lles afectan.

Velan polo cumprimento da lexislación pesqueira.

Son responsables da vixilancia das zonas que lle fosen encomendadas para a súa explotación.

Organizan a produción, é dicir, fan os plans de explotación e controlan o acceso ó recurso.

Organizan a comercialización: concentran a oferta e regulan os prezos.





Para cumprir tódalas súas funcións, as confrarías poden formar dúas seccións:

- SECCIÓN DE ORIENTACIÓN.
- SECCIÓN DE ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN.

En tódalas confrarías existe a sección de orientación.

Pódese crea-la sección de organización da produción se así o decide a maioría absoluta dos membros da xunta xeral. Ocuparíase de face-los plans de explotación e dar saída á produción, concentrando a oferta e regulando os prezos.

Cada unha das seccións da confraría debe ter un responsable.

7.5.- Os socios

a) ¿Quen pode ser socio?

Tódalas persoas (físicas ou xurídicas) que voluntariamente se asocien, sempre e cando desenvolvan unha actividade empresarial ou laboral dentro do ámbito territorial da confraría coa correspondente autorización administrativa para a extracción de recursos mariños vivos.

Non se pode ser membro de dúas confrarías ó mesmo tempo.

Os pensionistas do sector poden seguir sendo socios, pero non poderán votar nin seren elixidos agás que sigan desempeñando unha actividade empresarial.

Dentro da confraría os socios encadraranse, segundo a súa condición, na sección de traballadores ou na de armadores.

b) ¿Cales son os dereitos e deberes dos socios?

DEREITOS	DEBERES
Elixir e ser elixido para postos de responsabilidade e dirección dentro da confraría.	Cumpri-lo disposto nos estatutos.
Participar en tódolos actos e xuntanzas ós que deban ser convocados.	Cumpri-los acordos dos órganos de goberno.
Solicitarlle ó cabido información sobre as contas, o patrimonio, o funcionamento e as actuacións da confraría que lles afecten.	Actuar de boa fe, non obstaculizando o normal funcionamento da confraría.
Facerlles propostas ós seus representantes.	Outros que aparezan nos estatutos.

O incumprimento dos deberes pode ocasionar unha sanción, pero en ningún caso se pode perder ningún dos dereitos sen que exista un expediente sancionador.





7.6.- Os órganos rectores

¿CALES SON?


A XUNTA XERAL

O CABIDO

A PATROA OU PATRÓN MAIOR



SOCIOS



XUNTA XERAL



CABIDO



PATRÓN

7.6.1.- A Xunta Xeral

A) ¿QUE É?

É o órgano superior de goberno e decisión da confraría.

Nela deben estar representados tódolos sectores.

Os acordos que toman afectan a tódolos socios.

Os membros da xunta xeral elíxense entre tódolos socios da confraría, por un período de catro anos, e poden ser reelixidos na seguinte votación-sufraxio.

A patroa (ou patrón) maior preside a xunta xeral.

B) ¿CALES SON AS SÚAS FUNCÍONS?



7.6.2.- O cabido ou comisión permanente

A) ¿QUE É?

É o órgano de goberno e xestión da confraría.



ESTÁ FORMADO POR:

A patroa ou o patrón maior

As/os vicepatroas ou vicepatróns

A/O secretaria ou secretario da confraría

Un mínimo de 6 e un máximo de 12 vocais, e deben ser sempre un número par.

A metade dos membros do cabido serán traballadores, e a outra metade, armadores.

Os membros do cabido son elixidos pola xunta xeral ou asemblea por un período de catro anos. Poden ser reelixidos.

O cabido estará presidido pola patroa ou patrón maior asistida polas vicepatroas ou vicepatróns.

B) ¿CALES SON AS SÚAS FUNCÍONS?

Dirixir e realiza-las actividades necesarias para que a confraría funcione normalmente.

7.6.3.- A patroa ou patrón maior

A) ¿QUEN É?

É o representante da confraría.

Será elixido entre os membros da xunta xeral. O seu cargo é incompatible con outro nos órganos de goberno, seccións ou agrupacións da confraría.

As vicepatroas (ou vicepatróns) maiores, en función da súa orde (primeira ou segunda), substitúen á patroa ou patrón maior no caso de ausencia ou enfermidade e en casos de vacante ata que se realice a nova elección.

A vicepatroa (ou vicepatrón) primeira será a presidenta da agrupación de empresarios ou traballadores distinta da da patroa ou patrón maior.

A vicepatroa (ou vicepatrón) segunda será a presidenta da agrupación de empresarios ou traballadores á que pertenza a patroa ou patrón maior.

B) ¿CALES SON AS SÚAS FUNCÍONS?



7.7.- As eleccións na confraría

Nas eleccións da confraría elíxense aqueles socios que van formar parte dos órganos rectores.

A) ¿QUE PASOS SE DAN ANTES DA CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS?

O CABIDO PROPÓN A REALIZACIÓN DE ELECCIÓNS Á XUNTA XERAL



A XUNTA XERAL APROBA A REALIZACIÓN DE ELECCIÓNS



FÓRMASE A COMISIÓN ELECTORAL



B) ¿QUE FAI A COMISIÓN ELECTORAL?

NINGÚN CANDIDATO PODE SER MEMBRO DA COMISIÓN ELECTORAL.



C) ¿QUEN FORMA A MESA ELECTORAL?

- Un presidente, que será a patroa ou patrón maior.
- Catro vocais, que serán os traballadores de maior e menor idade e os armadores de maior e menor idade.
- A secretaria ou secretario da confraría.

D) ¿QUE FAI A MESA ELECTORAL?

- Preside as votacións.
- Realiza o escrutinio.
- Resolve as reclamacións que se produzan sobre as votacións e o escrutinio.



AS VOTACIÓNS



O ESCRUTINIO



8.- A AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS

Está formada polos socios da confraría que se dedican á mesma modalidade de traballo e que se asocian para defende-los seus intereses económicos e profesionais.

8.1.- ¿Para que se crea?

- Para aumenta-lo benestar económico e social dos seus membros.
- Para aumenta-la produción dos bancos naturais.
- Para acadar unha maior formación profesional dos seus membros.
- Para propoñe-lo plan de explotación de cada campaña.

ESCTRUCTURA DA AGRUPACIÓN

- Asemblea xeral
- Xunta directiva
- Presidente ou presidenta
- Secretario/a
- Tesoureiro/a

ASEMBLEA XERAL

- Constitúena a totalidade de membros do sector con voz e voto.
 - Está presidida polo patrón maior ou en caso de ausencia polo presidente da agrupación.
 - Os acordos son aprobados pola maioría ou maioría cualificada segúndo os casos.
 - Reunirase, polo menos, unha vez ó ano.
- Aproba o plan de actuación da agrupación, o orzamento, as contas anuais, a xestión económica, etc.

XUNTA DIRECTIVA

- Está composta por un mínimo de cinco membros.
- O presidente é o que obtivo o maior número de votos na elección de membros da xunta directiva.
 - A duración do mandato é de catro anos.

- As reunións celébranse unha vez ó mes ou cando o solicite o patrón maior, o presidente ou a maioría dos seus vocais.

PRESIDENTE

- O mandato do presidente terá unha duración de dous anos.
- Preside as reunións da asemblea xeral, cando non o faga o patrón maior.
- Asiste a tódalas reunións, actos e convocatorias relacionadas coa agrupación.
- Poderá percibir unha gratificación polos traballos realizados se o aproba a xunta xeral e é ratificada pola asemblea xeral

SECRETARIO

- Participa nas reunións da xunta directiva e da asemblea xeral con voz pero sen voto.

TESOUREIRO

- Elaborará a memoria económica do ano rematado.
- Asinará, xunto co patrón maior e co presidente da agrupación, a autorización da disposición de fondos da conta da agrupación.

8.2.- ¿Cales son os pasos para formar unha agrupación?

FORMA-LA AGRUPACIÓN

COMUNICARLLO Á PATROA OU PATRÓN MAIOR MEDIANTE UN ESCRITO, ASINADO, ALOMENOS, POR SEIS SOCIOS.



CONVOCA-LO COLECTIVO PARA QUE APROBE OU NON A
CREACIÓN DA AGRUPACIÓN (NUN PRAZO MÁXIMO DE
SETE DÍAS DESDE A COMUNICACIÓN)



UNHA VEZ APROBADA A CREACIÓN DA AGRUPACIÓN,
ELIXIRASE UNHA COMISIÓN XESTORA QUE ELABORE
O REGULAMENTO INTERNO.



O REGULAMENTO DEBE SER APROBADO POLA XUNTA XERAL
DA CONFRARÍA E DESPOIS RATIFICADO POLA
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



SÓ QUEDA CONVOCAR ELECCIÓN
PARA ELIXI-LA XUNTA DIRECTIVA



9.- AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUCTORES PESQUEIROS (OPP)



9.1.- ¿Que son?

Son organizacións formadas voluntariamente polos produtores ou asociacións de produtores.

9.2.- ¿Para que se crean?

- Para explota-los recursos de forma racional (elaborando plans de capturas).
- Para mellora-las condicións de venda da produción: concentra-la oferta, fixar prezos de retirada, normas de calidade, etc.

9.3.- ¿Que é necesario para formar unha OPP?

- **ORGANIZACIÓNS DE PRODUCTORES PESQUEIROS:** xustificar que se vende, alomenos, o 15% da produción da especie ou grupo de especies para a que se solicita o recoñecemento.

- **ORGANIZACIÓNS DE PRODUCTORES DE ACUICULTURA:** xustificar que se vende, polo menos, o 25% da produción da especie ou grupo de especies para a que se solicita o recoñecemento.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos é competente para recoñecer as organizacións de produtores no ámbito da Comunidade Autónoma, e o Ministerio de Agricultura e Pesca ten competencia para recoñecer organizacións de produtores no ámbito nacional.

9.4.- ¿Que inclúen os estatutos da OPP?

- Quén pode ser socio (a asociación é libre e voluntaria) e cáles son os seus dereitos e deberes.

- O tempo mínimo de permanencia dentro da OPP: os membros que queiran darse de baixa poden facelo despois de permanecer un mínimo de tres anos na OPP. A baixa debe comunicarse con, alomenos, un ano de antelación. Tamén se pode produci-la baixa por expulsión nos casos nos que así o recolla o regulamento interno.

- A zona na que se vai realiza-la actividade de produción.
- Os órganos de goberno e as súas funcións.
- O réxime económico da OPP
- Qué sucederá no caso de que se disolva a OPP

9.5.- ¿Que se fai unha vez que estea recoñecida a OPP?

- Elabóranse os plans de capturas.
- Establécense normas de comercialización.
- Os membros contribúen con diñeiro a un fondo común que servirá para regular o mercado, establecendo prezos de retirada.

10.- A CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos é un órgano da Administración da Comunidade Autónoma.



10.1.- ¿Cales son as competencias de Galicia na pesca, marisqueo e acuicultura?

- A ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura.
- As confrarías de pescadores.
- Os establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación dos produtos da pesca.


- As ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e o mergullo.
- Os portos non declarados de interese xeral do Estado.

10.2.- ¿De que órganos dispón para realiza-las súas funcións?

Os órganos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos son: o Conselleiro, a Secretaría Xeral e tres direccións xerais: Recursos Mariños, Estructuras Pesqueiras e Mercados, e Innovación e Desenvolvemento; as delegacións territoriais e comarcais, e os órganos colexiados.

No cadro que aparece a continuación podemos ver-la estrutura dos distintos órganos da consellería e as principais funcións de cada un deles.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS
 Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos



FOLLA DE AUTOAVALIACIÓN

1.- Sinala cuál sería o xeito máis apropiado para que as mariscadoras nos organizasemos.

- Por zonas.
- Por traballos.
- Por quendas.
- Outras.

2.- Reflexiona sobre os problemas que na actualidade están a impedi-lo desenvolvemento do marisqueo na túa zona e expón aquelas medidas que cres que mellorarían a situación ou arranxarían o problema.

- Furtivismo.
- Individualismo (cadaquén vai polo seu lado).
- Prezos baixos.
- Outros.

3.- Indica cuáles son as fontes de financiamento que pode te-la agrupación.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

4.- Sinala cómo podemos distribuí-los ingresos da venda do marisco e cuál sería o mellor xeito, segundo a túa opinión:

- Por mariscadora en función da produción que saque cada unha.
- A partes iguais.
- En función das horas traballadas (sementando, no desdoblamento, na limpeza, na selección, etc.).
- Outros.

5.- Decide se as frases que seguen son verdadeiras ou falsas:

- a) Tódolos profesionais do marisqueo dunha zona están obrigados a asociarse á confraría.
- b) Unha confraría pode funcionar sen estatutos.
- c) As confrarías son responsables da vixilancia das zonas que lle foron encomendadas para a súa explotación.
- ch) Tódolos xubilados poden ser socios con voz e voto.
- d) Non se pode ser socio de dúas confrarías á vez.
- e) Non tódolos sectores teñen que estar representados na xunta xeral da confraría.
- f) O cabido está formado pola patroa ou patrón maior, as/os vicepatroas/vicepatróns, a secretaria ou secretario e de 6 a 12 vocais.
- g) A comisión electoral elabora o plan electoral e propono ó cabido para a súa aprobación.
- h) Se unha mariscadora non aparece no censo electoral ten que reclamar ante a patroa ou patrón maior.
- i) A metade dos membros do cabido serán traballadores, e a outra metade, armadores.

6.- Une con frechas:

Convocar eleccións	XUNTA XERAL	
Modifica-lo estatuto da confraría		
Aproba-lo regulamento interno da agrupación		CABIDO
Elixi-la patroa ou patrón maior		PATROA/PATRÓN MAIOR
Destituí-la patroa ou patrón maior		
Establece-las cotas		
Representa-la confraría		

7.- Decide se a organización da que formas parte cumpre as condicións para constituír unha organización de produtores acuícolas.

.....

.....

.....

.....

.....

8.- Ordena-los pasos necesarios para constituír unha agrupación de Mariscadoras:

- Elixi-la comisión xestora que elabora o regulamento.
- Ratifica-lo regulamento na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
- Comunicarlle á patroa ou patrón maior, mediante un escrito, a vontade de constituír unha agrupación.
- Aproba-lo regulamento pola xunta xeral da confraría.
- Aproba-lo regulamento na asemblea de mariscadoras.
- Convocar eleccións para elixi-la xunta directiva e a presidenta.
- Convoca-lo colectivo para que aprobe a creación da agrupación.

BIBLIOGRAFÍA

NÚÑEZ, T. e LOSCERTALES, F.: *El grupo y su eficacia*". *Técnicas al servicio de la dirección y coordinación de grupos*. EUB, S. L., 1996.

MAQUEDA LAFUENTE, F. J.: *Cómo crear y desarrollar una empresa*. Deusto, 1990.

DELICADO, Á.; FERNÁNDEZ, F. e BELLMUNT, A.: *Cultura organizativa cooperativa*. Direcció General d'Ocupació. Institut de Promoció i Foment del Cooperativisme, 1991.

GAGO CONDE, C.: *Divulgación cooperativa*. Asociación para a Economía Social, 1994.

XUNTA DE GALICIA: *Libro branco sobre a xestión das confrarías de pescadores de Galicia*, 1994.

VARIOS AUTORES: *Cooperativismo*. Unión de Cooperativas do Ensino de Traballo Asociado de Galicia, 1997.

VARIOS AUTORES: *Ordenación bioeconómica do marisqueo*. Intrasub S. Coop./Xedega. S. Coop. de Editores Galegos, 1995.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia. DOG nº. 134, xoves, 15 de xullo de 1993.

Decreto 79/1998, do 12 de febreiro, polo que se regula a estrutura, organización e funcionamento das confrarías de pescadores de Galicia. DOG nº. 49, do 12 de marzo de 1998.

Resolución do 29 de xuño de 1998, pola que se dispón a publicación do modelo de estatutos de confrarías elaborados de conformidade co disposto no Decreto 79/1998, do 12 de febreiro. DOG nº. 137, do 17 de xullo de 1998.

Corrección de erros no DOG nº 42 do 2 de marzo do 1999. Modificada pola orden do 27 de outubro de 2000 (DOG nº. 219, do 13 de novembro de 2000).

Orde do 4 de xaneiro de 1999, pola que se regula a constitución de agrupacións. DOG nº. 21, martes, 2 de febreiro de 1999.

Real decreto 1429/1992, do 27 de novembro, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e as súas asociacións. BOE nº. 287, do 30 de novembro de 1992.

Real decreto 1189/1998, do 12 de xuño, polo que se modifica o RD 1429/1992, de 27 de novembro, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e as súas asociacións. BOE nº. 141, sábado 13 de xuño de 1998.

Regulamento (CE) nº. 3759/92 do Consello, do 17 de decembro de 1992, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura (DOCE nº. L 388/1, do 31 de decembro de 1992).

Regulamento (CE) nº. 3318/94 do Consello, do 22 de decembro de 1994, que modifica o Regulamento (CE) nº. 3759/92 polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura (DOCE nº. L 350/15, do 31 de decembro de 1994).

Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, DOG nº. 251, do 30 de decembro de 1998.

Decreto 109/1998, do 5 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. DOG nº. 65, do 6 de abril de 1998.

Real decreto do 11 de marzo de 1978, nº. 670, que regula a creación e o recoñecemento das confrarías de pescadores.

Orde do 31 de agosto de 1978, que desenvolve o real decreto.

Orde do 21 de decembro de 1993, pola que se regula a levanza dos libros de rexistro nas confrarías de pescadores. DOG nº. 251, xoves, 30 de decembro de 1993.

Orde do 4 de xaneiro de 1999, pola que se establece a obriga de levar un libro de rexistro de socios nas confrarías de pescadores de Galicia. DOG nº. 10, luns, 18 de xaneiro de 1999.

Orde do 30 de novembro de 2001, pola que se regulan os procesos electorais nas confrarías de pescadores de Galicia. DOG nº. 233, luns, 3 de decembro de 2001.

Mm

MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

